# BIBLIORIBEIRA

TRANSFORMACIÓN DA BIBLIOTECA NUN CENTRO DE RECURSOS DA LECTURA, INFORMACIÓN E APRENDIZAXE

**ENCONTROS PLAMBE 2015**

PAZ FERNÁNDEZ PEREIRO

# PRESENTACIÓN DO CENTRO



# BIBLIOTECA

O proxecto **Biblioribeira** desenvólvese a partir de outubro de 2009 dentro do marco do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares nº 5. Os cambios introducidos a partir deste curso teñen como obxectivo ofrecer un espazo acorde coa concepción da biblioteca como un centro de recursos multimedia para a formación, información e o lecer, integrado no proceso de ensino-aprendizaxe e, ao mesmo tempo, como axente dinamizador da vida cultural e pedagóxica do centro.

Entendemos a biblioteca como o alicerce dinamizador de coñecemento

# IMPLICACIÓN DO EQUIPO DOCENTE

- EQUIPO DIRECTIVO
  - Apoia o proxecto
  - Dota economicamente
  - Cobre horario
- PROFESORADO
  - Constitúese o equipo de biblioteca
  - Solicítanse grupos de traballo
  - O resto do profesorado, en xeral, colabora.

# INTERVENCIÓN NO ESPAZO






# EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL E INFORMÁTICO

- EQUIPO DE XESTIÓN DE BIBLIOTECA
- 2 IMPRESORAS
- 4 EQUIPOS DE SOBREMESA
- 2 ORDENADORES PORTÁTILES
- 3 LIBROS ELECTRÓNICOS
- 1 CANÓN CON PANTALLA
- TELEVISOR PARA NOVIDADES( na entrada do centro)

# HORARIO

No noso interese de abrir a biblioteca á contorna do centro, abrimos a biblioteca en horario matutino e vespertino, aproveitando tamén as ensinanzas de educación para adultos. Valoramos positivamente esta apertura grazas á difusión nas reunións cos pais cando visitan o centro e a biblioteca e grazas tamén á campaña feita entre o alumnado de ensinanzas de adultos

**INFORMACIÓN DA BIBLIOTECA**
**IES RIBEIRA DO LOURO**

A biblioteca tamén é túa e tes á túa disposición:

- Unha sala de consulta e lectura con materiais en libre acceso aberta nos recreos e os martes pola tarde despois das clases ata as 19.30 horas e no seguinte horario de Educación de Persoas Adultas:

| Horas | Luns | Martes | Mércores | Xoves | venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 17,15 18,00 | EULOXIO | ENCARNA | ENCARNA | EULOXIO | BERTA |
| 18,00 18,45 | EULOXIO | PAZ | LAURA | ROSA | ENCARNA BERTA |
| 18,45 19,30 | | PAZ-EULOXIO | | | ROSA |
| 19,30 20,15 | LAURA | LAURA | ENCARNA | LAURA | |

(Para solicitar o préstamo de libros debes facerte socio/a)

- Recursos electrónicos e informáticos con acceso a internet.
- O catálogo en rede para consultas e reservas dende a casa:

http://www.opacmeiga.rbgalicia.org

- O Blog da Biblioteca e conta de facebook con información e difusión das actividades que se fan no instituto relacionadas co libro e a lectura.

http://biblioribeira.blogspot.com.es/

*Fomentar a lectura no compete unicamente aos profesionais da educación, tamén nas bibliotecas, nos fogares ou nas rúas xógase a sorte dun lector.* JUAN MATA

**CARTA DE PRESENTACIÓN DA BIBLIOTECA COS SERVIZOS E CO HORARIO**

# FONDO

- Coidado do fondo: compensador de desigualdades
  - contacto cos libros
  - estímulo da práctica lectora
  - fondo noutras linguas
- Visibilizar a colección:
  - Efemérides
  - Guías de novidades



# GUÍAS DE LECTURA












# ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

- Elabóranse dous **boletíns de suxestións** para lecturas de vacacións, en xuño e decembro, destinadas a pais e nais e alumnado. Tamén se elaboran varias guías dixitais de novidades, de DVDs, álbum ilustrado e poesía.






- En torno ás **efemérides** do calendario escolar, deseñamos actividades fomentando a participación dos diferentes seminarios implicados. Por exemplo, o Día das Matemáticas,o Día da Muller, o 25 de novembro, o da Paz, as Bibliotecas escolares,a Poesía, o Libro ou as Letras Galegas.

As escolmas literarias elaboradas serven para ler na *Hora de ler.*



25th november, against gender-based violence. IES Ribeira do Louro

Posted: November 24, 2013 | Author: Olga Lalín | Filed under: Trans4mEd | Tags: Biblioribeira, en contra da violencia de género, inglés en secundaria |Leave a comment »



Dende a asignatura de inglés sumámonos á proposta da nosa biblioteca e conmemoramos o día en contra da violencia de xénero co poema de Helena Villar



# Escolmas literarias





EN FEBREIRO, LER O AMOR

En febreiro, ler o amor chega ao seu 6° ano de celebración. Este ano a actividade contou coa participación do alumnado do 1° Ciclo de ESO que se converteron en sandadores dos corazóns e nos receitaron a súa medicina: LER!...e expresar as nosas emocións.

EN FEBREIRO, LER O AMOR

Onda un muro
de pedra
eu puxen un bico
para ti
Baixo un teito
de pedra
pintaches un bico
para min.
Un bico pintado.
Un bico pousado
na lea
na area.
Dous bicos calados
na pedra
na tebra.
Dous bicos
sen fin.

Antonio García Teijeiro

- **Apadriñamento lector** para conmemorar o día do Libro Infantil, coas bibliotecas do CEIP Antonio Palacios do Porriño e do CPI Ribeira, coa colaboración da Biblioteca municipal





# • Club de lectura

- Unha das principais virtudes dos clubs de lectura, ademais da lectura de libros, é que abren o mundo da cultura ás persoas que nun principio se achegan a eles só para ler máis…

- Son idóneos para a consolidación do hábito lector e para animación á lectura.



VIERNES, 17 DE ENERO DE 2014

NOVAS LECTURAS NO CLUB DIVERLER

Velaquí as novas lecturas do Club Diverler  e algunhas ligazóns de interés :



MARTES, 12 DE NOVIEMBRE DE 2013

Para facernos mellores persoas



Arredor das galletas de Cartas de Inverno, comezamos as xuntanzas dos tres clubs de lectura que funcionan este ano. As lecturas de "narrativa debuxada" CARTAS DE INVERNO e EL CURIOSO CASO DE BENJAMIN BUTTON deron moito que falar este primeiro día.

PUBLICADO POR BIBLIORIBEIRA EN 11:41



**Anexo 1: lecturas e películas programadas**

| | |
|---|---|
| **Primeiro Ciclo** | |
| 1. Antonio Seijas<br>2. Agustín Fernández Paz | Cartas de inverno<br>Cartas de inverno |
| 3. Carlos Ruiz Zafón | El príncipe de la niebla |
| 4. Mark Haddon | O curioso incidente do can a medianoite |
| 5. Yoko Owaga | La fórmula mágica del profesor |
| 6. Francisco Castro | Un bosque cheo de faias |
| **2º ciclo ESO-Bacharelato-Ciclos Formativos** | |
| 1. Janne Teller | Nada |
| 2. Marilar Aleixandre | A cabeza de medusa |
| 3. Stephen Chbosky | Las ventajas de ser un marginado |
| 4. Roque Cameselle | Bieito Dubidoso |
| Videografía: "Las ventajas de ser un marginado"; "Bieito Dubidoso" de Roque Cameselle. | |

# VISITA AO PORTO
# CLUB DE LECTURA
# IES RIBEIRA DO LOURO

FUNDACIÓN SERRALVES
A Fundación Serralves é unha institución cultural europea cuxa misión é promover a arte contemporánea e a súa contorna.
No interior do recinto atópase o Museo de Arte Contemporánea, os seus grandes xardíns, a casa de Serralves e un auditorio.
O edificio moderno e funcional do museo abriu as súas portas, por primeira vez, en 1999. Desde entón, acolle numerosas exposicións temporais onde se presenta o traballo de moitos artistas vangardistas.
A fundación posúe uns enormes e coidados xardíns dunhas 18 hectáreas que envolven o museo. No folleto que vos entregarán á entrada expone diferentes itinerarios que podedes seguir para percorrer os xardíns sen perder detalle. Un dos puntos máis importantes do percorrido é a casa de Serralves.

CASA DA MÚSICA
A Casa da Música é a principal sala de espectáculos de Porto. Foi proxectada polo arquitecto holandés Rem Koolhas e construída como parte do proxecto Porto Capital europea da cultura en 2001 . Malia que a súa construción non foi rematada ata o 2005, axiña se converteu nunha icona da cidade.












LIBRARÍA LELLO E IRMAO
Situada en pleno centro do Porto, preto da Torre dos Clérigos, atópase a que está considerada como a libraría máis bela de Europa. Un edificio de estilo neogótico construído en 1906 alberga a libraría.
Foi utilizada como escenario para rodar algunhas películas de Harry Potter.

A IGREXA DOS CLÉRIGOS foi construída entre 1735 e 1748 nun estilo barroco.

A TORRE DOS CLÉRIGOS é a torre máis alta de Portugal; os seus 76 metros de altura e os máis de 200 chanzos dan acceso a unha privilexiada vista panorámica do Porto.Na subida á torre atoparédesvos con 49 campás que forman un gran carillón .

ESTACIÓN DE SAN BENTO
A Estación de Trens de San Bento foi construída a principios do Século XX sobre os restos do antigo convento de San Bento da Ave María. Aínda que xa de entrada a súa fachada é señorial, a verdadeira xoia atópase no seu interior: un hall decorado con máis de 20.000 azulexos nos que se retrata a historia de Portugal.

RUA SANTA CATARINA
A rúa Santa Catarina é a zona comercial máis importante do Porto. Esta rúa peonil da parte alta da cidade comeza na Praza de Batalha, onde poderedes ver a Igrexa de San Antonio dos Congregados.
Avanzando por Santa Catarina atoparédesvos co centro comercial Vía Catarina Shopping, moi próximo tamén ao Mercado do Bolhao. Se seguides percorrendo a rúa poderedes ver unha igrexa pequeniña pero con encanto. Trátase da Capela das Almas, revestida con azulexos de cor azul tan típicos de Portugal. O percorrido por Santa Catarina termina na Praza do Marqués de Pombal.
Toda Santa Catarina está repleta de tendas, vendedores ambulantes, restaurantes e cafetarías.

O CAFÉ MAJESTIC
Trátase dun elegante café dos anos 20 . Foi inaugurado o 17 de decembro de 1921 baixo o nome de Café Elite e converteuse no lugar de reunión de personaxes ilustres da época e de fonte de inspiración para escritores e artistas.
Permaneceu no abandono durante máis de quince anos ata que o estado declarouno patrimonio cultural en 1983, e en 1994 reabriu as súas portas.

CASA MUSEO GUERRA JUNQUEIRO (VER FACHADA)
O Museo Guerra Junqueiro está situado no barrio da Catedral. Esta casa do século XVIII realizada en estilo barroco pertenceu ao poeta Guerra Junqueiro, quen reuniu ao longo da súa vida unha bonita colección de mobles, ourivaría e prataría portuguesa.

RIBEIRA
O barrio de Ribeira é un dos lugares máis importantes á hora de coñecer o centro histórico do Porto. Como o seu nome indica, é a zona situada na ribeira do río Douro.

BIBLIOTECA MUNICIPAL ALMEIDA GARRETT
A Biblioteca Municipal Almeida Garrett, localizada nos Jardins do Palácio de Cristal é un espazo de información e lecer vocacionado para a promoción do libro e da leitura .

XARDÍNS DO PALACIO DE CRISTAL
Os xardíns do Palacio de Cristal atópanse na parte alta do Porto e forman un espazo verde moi agradable desde o que se pode gozar da desembocadura do río Douro no Océano Atlántico.
Nos xardíns poderedes visitar varias zonas temáticas como o xardín das plantas aromáticas, o das plantas medicinais, o xardín dos sentimentos, o xardín das rosas ou o bosque.

O INFANTE
Deus quer, o homem sonha, a obra nasce.
Deus quis que a terra fosse toda uma,
Que o mar unisse, já não separasse.
Sagrou-te, e foste desvendando a espuma,
E a orla branca foi de ilha em continente,
Clareou, correndo, até ao fim do mundo,
E viu-se a terra inteira, de repente,
Surgir, redonda, do azul profundo.
Quem te sagrou criou-te português.
Do mar e nós em ti nos deu sinal.
Cumpriu-se o Mar, e o Império se desfez.
Senhor, falta cumprir-se Portugal!

FERNANDO PESSOA

BRINQUEDO

Foi um sonho que tive:
Era uma grande estrela de papel,
Um cordel
E um menino de bibe.
O menino tinha lançado a estrela
Com ar de quem semeia uma ilusão;
E a estrela ía subindo, azul e amarela,
Presa pelo cordel à sua mão.
Mas tão alto subiu
Que deixou de ser estrela de papel,
E o menino ao vê- la assim, sorriu
E cortou- lhe o cordel.

MIGUEL TORGA

Há mulheres que trazem o mar nos olhos
Não pela cor
Mas pela vastidão da alma
E trazem a poesia nos dedos e nos sorrisos
Ficam para além do tempo
Como se a maré nunca as levasse
Da praia onde foram felizes
Há mulheres que trazem o mar nos olhos
pela grandeza da imensidão da alma
pelo infinito modo como abarcam as coisas e os Homens...
Há mulheres que são maré em noites de tardes
e calma

SOPHIA DE MELLO BREYNER ANDRESEN

OS LIVROS
Apetece chamar-lhes irmãos,
tê-los ao colo,
afagá-los com as mãos,
abri-los de par em par,
ver o Pinóquio a rir
e o D. Quixote a sonhar,
e a Alice do outro lado
do espelho a inventar
um mundo de assombros
que dá gosto visitar.
Apetece chamar-lhes irmãos
e deixar brilhar os olhos
nas páginas das suas mãos.

JOSÉ JORGE LETRIA

O

CLUB

DE

LECTURA

# DIVERLER

## SAÍDA A PORTO

BIBLIORIBEIRA

IES RIBEIRA DO LOURO

**ESCOLMA DE POESÍA PORTUGUESA**

- **Hora de Ler**
  - Esta actividade leva realizándose dende febreiro de 2007
  - Tempo de unha hora á semana de lectura no instituto (dentro dun horario predeterminado para todos os grupos de ESO)
  - Integrada no proxecto lector, cada profesor ou profesora debe establecer unha proposta lectora na súa materia
  - Grande parte do profesorado opta porque o alumnado escolla as súas propias lecturas
  - Supervisada pola Inspección



# INDICACIÓNS PARA A *HORA DE LER*

1.COMO BEN SABES, TANTO NO PLAN ANUAL DE LECTURA COMO NAS LIÑAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA DO NOSO CENTRO RECOLLEMOS UN TEMPO SEMANAL PARA A LECTURA EN TODA A ESO.

2.PRESTA ATENCIÓN AO CALENDARIO PARA SABER OS DÍAS E HORAS NOS QUE, NO PRESENTE CURSO, SE REALIZARÁ A ACTIVIDADE.

3.NESTE TEMPO PODES DESENVOLVER O PROXECTO LECTOR DA TÚA MATERIA. CONTA, SE PRECISARES, CO EQUIPO DA BIBLIOTECA PARA DESEÑALO.

4.COMUNICA Á BIBLIOTECA CALES SON OS LIBROS RECOMENDADOS NA TÚA MATERIA, PARA ADQUIRIR AQUELES QUE NON ESTEAN ENTRE OS NOSOS FONDOS.

5.RECOMENDA AO ALUMNADO QUE SOLICITE OS PRÉSTAMOS NA BIBLIOTECA ESCOLAR, NOS RECREOS SOBRE TODO.

6.ESTARÁ A DISPOSICIÓN DO ALUMNADO UNHA CAIXA CON LIBROS PARA AQUELAS AULAS QUE NON DISPOÑAN DE BIBLIOTECA DE AULA.
( A PERSOA RESPONSABLE PODE RECOLLER A CAIXA NA BIBLIOTECA E DESPOIS DA ACTIVIDADE DEVOLVELA AO SEU LUGAR)

7.CUMPRIMENTA A FOLLA DE INCIDENCIAS, SE AS HOUBER, PARA QUE POIDAMOS COÑECER O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.

***"Hai cousas peores que queimar libros. Unha delas é non lelos"***
**Ray Bradbury**

**HORA DE LER 2014-2015**

| Horas | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 8,45 9,35 | 13 de outubro | 25 de novembro | 11 de febreiro | 9 de abril | 22 de maio |
| 9,35 10,25 | 20 de outubro | 2 de decembro | 25 de febreiro | 16 de abril | 29 de maio |
| 10,25 11,15 | 27 de outubro | 9 de decembro | 4 de marzo | 23 de abril | 5 de xuño |
| | | | | | |
| 11,45 12,35 | 3 de novembro | 16 de decembro | 11 de marzo | 30 de abril | |
| 12,35 13,25 | 10 de novembro | 13 de xaneiro | 18 de marzo | 7 de maio | |
| 13,25 14,15 | 17 de novembro | 20 de xaneiro | 25 de marzo | 14 de maio | |
| | | | | | |
| 16,00 16,50 | | 27 de xaneiro | | | |
| 16,50 17,40 | | 3 de febreiro | | | |




**HORA DE LER 2014-2015**

1.PRESTA ATENCIÓN AO CALENDARIO PARA SABER OS DÍAS E HORAS NOS QUE, NO PRESENTE CURSO, SE REALIZARÁ A ACTIVIDADE.

2.SEGUE AS RECOMENDACIÓNS DO PROFESORADO PARA AS LECTURAS

3.PODES ACUDIR AOS PRÉSTAMOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR, NOS RECREOS SOBRE TODO. A BIBLIOTECA NON FARÁ PRÉSTAMOS NO TEMPO DE LECTURA.

4.CUMPRIMENTA A FOLLA PARA QUE POIDAMOS COÑECER OS TEUS GUSTOS LECTORES...(TÍTULO DO QUE LES, DATA DE INICIO E REMATE DA LECTURA, ...)

http://sites.google.com/site/biblioribeira/
https://www.facebook.com/pages/Biblioribeira

HORA DE LER 2014-2015

| Horas | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 8,45 9,35 | 13 de outubro | 25 de novembro | 11 de febreiro | 9 de abril | 22 de maio |
| 9,35 10,25 | 20 de outubro | 2 de decembro | 25 de febreiro | 16 de abril | 29 de maio |
| 10,25 11,15 | 27 de outubro | 9 de decembro | 4 de marzo | 23 de abril | 5 de xuño |
| | | | | | |
| 11,45 12,35 | 3 de novembro | 16 de decembro | 11 de marzo | 30 de abril | |
| 12,35 13,25 | 10 de novembro | 13 de xaneiro | 18 de marzo | 7 de maio | |
| 13,25 14,15 | 17 de novembro | 20 de xaneiro | 25 de marzo | 14 de maio | |
| | | | | | |
| 16,00 16,50 | | 27 de xaneiro | | | |
| 16,50 17,40 | | 3 de febreiro | | | |




Enquisa Hora de Ler
Cantos libros liches?
250
200
150
100
50
0
1º ESO
2º ESO
3º ESO
4º ESO


Enquisa Hora de Ler
Como valoras a actividade
90
80
70
60
50
40
30
20
10
0
Moi ben
Ben
Regular
mal


Enquisa Hora de Ler
Aproveitaches o tempo de lectura?
180
160
140
120
100
80
60
40
20
0
si
non


Enquisa Hora de Ler
De onde eran os libros?
46
71
67
Meus
Da biblioteca
De ambos

# • Mochilas viaxeiras

Obxectivos prioritarios:

- Involucrar á familia no hábito lector.
- Desenvolver o gusto pola lectura en compaña dos membros da familia.

Contido :

- Revista escolar
- Un libro de cociña
- Un cómic/álbum ilustrado
- Unha película/ DVD de música
- Un xogo matemático.




- Un libro referido a un tema en particular ( trastornos da alimentación, sexo, tabaco, etc. )
- Unha libretiña chamada ¨ ***a túa opinión conta*** ¨

# ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DE USUARIOS

- Aulas dirixidas na biblioteca para que o alumnado de nova incorporación coñeza a súa organización e funcionamento básico e participe activamente nas actividades propostas dende a Biblioteca.



Presentación e deseño

Ademáis dos contidos, a disposición e ordenación destes así coma o aspecto xeral do traballo son fundamentais para conseguir unha boa valoración do mesmo. O seu deseño ha de ser sinxelo, ordenado e de agradable lectura. A continuación indicamos algús aspectos que deben terse en conta cando usamos un procesador de texto ( Microsoft Word, OpenOffice ou calquer outro).

1. O ENCABEZAMENTO E O PÉ DE PÁXINA

Estes elementos son utilizados para identificar as páxinas do teu traballo. Xeralmente, no encabezado colócase o nome do instituto e o título do traballo. No pé de páxina o nome dos autores, a data e o nº de páxina. Para inxerir este debemos facer clic en Inserir/insertar > Encabezamento/pé de páxina.

2. PAXINACIÓN

Para paxinar o documento non temos en conta nin a portada nin a contraportada. Normalmente úsase o borde inferior dereito. O procedemento en Word é facer clic en inserir/insertar > número de páxina.

3. NOTAS Ó PÉ DE PÁXINA

Son moi útiles cando queres chamar a atención do lector sobre un determinado feito, ampliando a información. Habitualmente úsanse tamén para referencias bibliográficas de citas e libros mencionados no texto principal. O procedemento é clic en inserir/insertar> Referencia> Nota ao pé.

4.FONTES

Debemos elexir fontes sinxelas (Arial, Times...) de tamaño 12. Nos títulos e encabezamentos pódese utilizar o 14. A cursiva, o subliñado e a negrita sirven para realzar determidas palabras, peor debemos procurar non abusar delas pois perderían a sua función e recargan excesivamente o texto.

5. ESPACIADO ENTRE LIÑAS

O texto debe "respirar" permitindo unha lectura cómoda sen que as liñas, demasiado xuntas, formen unha masa. Un espaciado adecuado é de 1´5. Conséguese facendo clic en Formato> Parágrafo.

6. MARXES

Debemos prestarlle atención ós marxes pois fan que o texto non pareza "afogado" e permiten a encadernación se deixamos suficiente espazo no marxe esquerdo. Para configuralo debebo facer clic en Arquivo> Configurar páxina> Establecer:

Marxe superior: 3 cm. Marxe inferior: 2´5 cm.
Marxe esquerdo: 2´5 cm Marxe dereito: 2´5 cm.

7. FORMATO

O mellor formato é o A4 ( o tamaño dun folio standard) vertical ou horizontal, pois facilita a lectura, o manexo e a súa almacenaxe.

E FINALMENTE A IMPRESIÓN!!

Fonte: Biblioteca IES Poeta Añón

GUÍAS DE TRABALLO (1)

Biblioribeira
IES Ribeira do Louro. O Porriño.

Como organizar e presentar TRABALLOS ESCRITOS

Unha das tarefas máis comúns que terás que facer ó longo dos teus estudos e, en moitos casos, terá un peso moi importante no teu éxito académico é a realización de traballos escritos de investigación.

Non basta con teres realizado un bó traballo de investigación e reunir unha boa cantidade de datos e información: a organización e presentación das conclusións deben reflexar o esforzo realizado para que o lector do traballo sexa impresionado positivamente polo resultado acadado, tanto na forma coma no contido.

Nesta guía ofrecémosche consellos sobre a redacción e diseño dos traballos que che serán moi útiles ó longo dos teus estudos

- Actividades e concursos relacionados coa aprendizaxe e adquisición de habilidades para a procura física e ubicación dos documentos organizados na biblioteca, dende a materia de proxecto interdisciplinar. No primeiro trimestre, o alumnado traballou co material de Gloria Durban sobre alfabetización documental. (http://www.bibliotecaescolar.info/actividades/galego.htm)

ALFIN é a capacidade de saber cando e por que necesitas información, onde atopala, e como avaliala, utilizala e comunicala de maneira ética. Considérase un requisito para participar eficazmente na Sociedade da Información e é parte dos dereitos básicos da Humanidade para unha aprendizaxe de por vida.




En: La biblioteca escolar : usuarios y servicios

# ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN DOCUMENTAL

**PROXECTO INTERDISCIPLINAR QUEN SOMOS?**

Este proxecto interdisciplinar xorde da necesidade de apoiar dende a biblioteca escolar o currículo, tal como se recolle nas liñas de actuación da Biblioteca.

O profesorado implicado neste proxecto pertence ás areas científico-tecnolóxica (2 profesores), lingúístico-social (2 profesores), Educación Física e Pedagoxía Terapéutica do grupo de 3º de ESO Diversisficación Curricular. Participou tamén a coordinadora da biblioteca. En total, tres profesores e catro profesoras.

A actividade desenvolveuse entre o 2 e 9 de abril de 2014.

O produto final que deseñaron é un folleto sobre o noso concello.

Este proxecto ten continuidade este curso.

**XEOGRAFÍA:**

**O concello da comarca de Vigo ( Pontevedra), situado no SO da Comunidade Autónoma de Galicia.**

**O seu Concello caracterízase polo forte contraste entre as terras chás do centro do Concello e as serras que a delimitan polo Leste e Oeste. Pasa polo Río Louro. No relativo as altitudes significativas, ao Leste e ao Nordeste do Concello atópanse as formacións montañosas de Penedo Coruncho (450 m), Faro de Budiño (396 m) e o monte do Castelo, prolongacións das contrafortes da serra do Galleiro.**

**CLIMA:**

**O seu clima é de carácter atlántico con componente mediterránea. A rede fluvial do concello pertence á bacía dereita do curso baixo do río Miño.**

**ECONOMÍA:**

**A taxa xeral de actividade é do 56,7% que aumenta ata o 72,9% para o caso particular dos homes e se reduce ata o 41,9% para as mulleres. O sector primario abrangue o 2% dos ocupados. O sector secundario o 51%.O sector terciario abrangue unha porcentaxe do 47%.**

**A POBOACIÓN:**

**-Densidade (Hab.Km$^2$): 308,9.**
**-Poboación: 18.908.**
**-Mulleres: 9569.**
**-Homes: 9339.**
**-Nacementos: 208.**
**-Defuncións: 142.**
**-Renda bruta por habitante: 13.528,88.**
**-Número de empresas: 1741.**



**O concello do Porriño atópase no Val da Louriña nel trancurre o Río Louro, afluente do Río Miño. Esta situación fai que o concello posúa espazos naturais moi interesantes como o curso do propio río e as montañas e montes situados ao seu carón.**

**O Río Louro caracterízase por mostrar dous hábitats:**
**· O bosque de ribeira situado as orillas do río onde destaca unha grande cantidade de amieiros, salgueiros, samagueiro, freixos e outras especies arboreas.**
**· As gándaras de Budiño que é unha zona pantanosa onde sobreviven uns 80 tipos de aves acuáticas e unhas 150 especies vertebrados. Dentro destas especies destaca a tartaruga europea que está en perigo de extinción.**

**Ata fai pouco debido ao peso da industria no concello o Louro era un río contaminado pero nos últimos tempos saneouse e habilitáronse paseos ao carón del.**
**Con respecto á zona montañosa esta destaca por estar formada por montes de baixa altitude (menores de 700m) pero permiten unhas fermosas vistas do val. Destacan o monte da Risca e o Faro de Budiño.**

**Resumindo , a importancia dos espazos naturais dentro do concello fai que o sendeirismo sexa unha práctica moi habitual na poboación. Destacan as seguintes rutas:**
**-Paseo polo rio Louro (4,79 km) , subida á Risca (26,51 km), Porriño-Mos (14,15 km).**

# PARROQUIA O PORRIÑO

**Festividades de O Porriño**: Parroquia de Santa María (Santísimo Cristo da Agonía: finais setembro, San Bieito: 11 xullo, San Sebastián: agosto, O Cristo dos Cachos).

- **Chenlo**: Parroquia de San Xoán (24 de xuño).
- **Mosende**: Parroquia de San Xurxo (Santos Diego: xuño, e Leocadia: xullo).
- **Pontellas**: Parroquia de Santiago (San Campio: xullo, e San Paio: agosto).
- **Torneiros**: Parroquia de San Salvador (San Rosendo marzo, As Flores: maio, Festa da Xuntanza: xuño, e San Roque: (agosto).
- **Atios**: Parroquia de Santa Baia (Festa do monte: xuño, San Bieito: agosto, e Virxe da Guía: agosto).
- **Budiño**: Parroquia de San Salvador (San Brais: febreiro, San Salvador: agosto, Santo Antón, e Santa Lucía: decembro).
- **Cans**: Parroquia de San Estevo (San Estevo: decembro). (Festival de Cans: 21 a 24 maio).





http://www.paxinasgalegas.es/sitios-de-interes-porri%C3%B1o-o-2416ep_296ay.html

http://www.minube.com/mapa/espana/pontevedra/o_porrino

http://www.laspain.com/sitios-de-interes/pontevedra/o-porrino/210.html

- **Xogo Pista a pista**: unha actividade que xa se desenvolve con gran éxito por oitavo ano consecutivo na Semana das Letras Galegas e supón a realización por equipos de diferentes probas para cuxa resolución teñen que consultar varias  fontes bibliográficas e expositivas.



# Colaboración con outros centros de ensino



# IES Pino Manso












# Biblioteca Municipal do Porriño

- Cesión temporal de cómic manga
- Club de lectura Virtual de cómic






# Centro de Día de Torneiros

POEMAS VISUAIS: ENVELLECER

Alba, María e Ramón de 1º ESO C fixeron un poema visual a partir do poema Envellecer de Ana Mª Fernández. O texto é un haiku.




Eles ven pasar
a súa vida por diante
como os anos



Vendo a xente
os anos van pasando
cambiando a vida

SÁBADO, 22 DE MARZO DE 2014

LENDO COS MAIORES EN TORNEIROS

Celebramos o Día da Poesía lendo cos maiores no Centro de Día de Torneiros.
Velaquí tedes a fotogalería:
DÍA DA POESÍA: LENDO COS MAIORES EN TORNEIROS on PhotoPeach



PUBLICADO POR PAZ PEREIRO EN 8:25 NO HAY COMENTARIOS:

Recomendar esto en Google

ETIQUETAS: CENTRO DE DÍA DE TORNEIROS, CLUB DE LECTURA, IES RIBEIRA DO LOURO, POESÍA




Vídeo 2013

# Comunidade educativa de Torneiros



# Outros centros

**25N #nonmal tratoBE**

# nonmaltratoBE

**CAMPAÑA DA BIBLIOTECA ESCOLAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. 25 DE NOVEMBRO**

- As Bibliotecas escolares do IES de Poio e do IES Ribeira de Louro (Porriño) convocan unha campaña en TWITTER de denuncia da violencia de xénero dirixida a toda a comunicade educativa (profesorado, alumnado, pais e nais e PAS).
- A campaña consiste en publicar en TWITTER un chío (máximo 140 caracteres): unha mensaxe, unha frase, un verso, un haiku, un micropoema, un microrrelato… co hastag #nonmaltratoBE co tema do rexeitamento da violencia de xénero.
- Ao tempo cada centro publicará no blog da súa biblioteca un widget co hastag do evento (liña de tempo ou muro twitter) para recoller a actividade da campaña.

Biblioteca Escolar do IES Ribeira de Louro & Bibioteca Escolar do IES de Poio.

JUEVES, 6 DE FEBRERO DE 2014

## Poetizar o espazo educativo: EnREDando Versos

Con este título, O patio das ideas, blog sobre educación de Praza Pública fala de Enredando versos.




**Poetizar o espazo educativo: EnREDando Versos**

Mario Benedetti pregúntase nun poema o que lle queda por probar á xuventude: só grafitti, rock, escepticismo? Unha inquedanza semellante arredor do mundo adolescente e a lectura levou en diferentes momentos e lugares –xornadas de bibliotecas,congresos de Leer.es…– a que un grupo de docentes se coñecesen, trabasem amizade e compartisen a súa paixón pola poesía. A preocupación polo feito de que o alumnado non participase deste namoramento fixo o resto. Nos IES de Poio, Sanxenxo, no Ribeira de Louro do Porriño, no San Paio de Tui e no CEIP da Lama, profesorado do ámbito das linguas e das bibliotecas escolares decidiu darlles a probar ás mozas e mozos poesía, preferentemente en formato dixital, e crear unha comunidade poética intercentros. Gustoulles tanto que este curso repiten a andaina lírica que comezaron hai un ano, EnREDando versos.



A poeta Helena Villar Janeiro, despois de coñecer a experiencia, escribiu no seu facebook: *"Unha marabilla saber que un texto de meu serve para facer algo innovador. Parabéns aos promotores e a Carlos Negro"*. Referíase á experiencia que fixemos de pór imaxes ao seu poema O deseño das mans.

# GRAO DE INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NA PROCURA DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO

- En canto á comunicación lingüística as actividades promovidas pola biblioteca favorecen as calidades expresivas
- Con respecto a aprender a aprender valoran a importancia do esforzo na súa formación e adquisición de destrezas para a súa praxe
- O tratamento da información e competencia dixital potencian as súas capacidades de valorar os recursos da rede.
- As dinámicas de grupo acrecentan  a súa autonomía e iniciativa persoal.
- Na competencia social e cidadá, as nosas propostas axudan a ser críticos consigo mesmos, a formular crítica construtiva, a empregar o diálogo na resolución de conflitos e a favorecer a empatía.
- En relación á competencia cultural e artística, as propostas promoven cidadanía máis tolerante e respectuosa con outras culturas.

# PROBAS DE AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

- A continuación móstrase a puntuación media obtida polo seu centro en relación coa media de Galicia e coa media dos centros incluídos no mesmo tramo de ISEC:

| Competencia en comunicación lingüística | | | |
|---|---|---|---|
| | MEDIA CENTRO | MEDIA GALICIA | MEDIA GRUPO ISEC |
| Comprensión lectora | 507 | 500 | 479 |
| Comprensión oral | 491 | 500 | 485 |
| Expresión escrita | 491 | 500 | 475 |
| **Total competencia** | 497 | 500 | 474 |



# AVALIACIÓN DO NOSO TRABALLO

| AVALIACIÓN DA BIBLIOTECA- COMO O ESTAMOS FACENDO?<br><br>VALORACIÓN: DEFICIENTE=1 LIMITADO=2 BO=3 EXCELENTE:4 | NIVEL ACTUAL | NIVEL DESEXADO | ACCIÓNS DE MELLORA | PERSOAS IMPLICADAS | PRAZO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A.VALOR E INTEGRACIÓN NO CENTRO | | | | | | |
| A1.Presenza da biblioteca nos documentos fundamentais de xestión e política curricular do centro. | | | | | | |
| A2.Apoio do equipo directivo. | | | | | | |
| A3.variedade de órganos do centro nos que participa a biblioteca. | | | | | | |
| A4.Adecuación da dotación económica para as necesidades documentais da biblioteca. | | | | | | |
| A5.Adecuación da dotación económica para as necesidades xerais da biblioteca. | | | | | | |
| A6. Apoio das familias. | | | | | | |
| B.ACCESIBILIDADE | | | | | | |
| B1.Adecuación do espazo | | | | | | |
| B2.Idoneidade do mobiliario | | | | | | |
| B3.Adecuación do equipamento tecnolóxico | | | | | | |
| B4.Accesibilidade da colección | | | | | | |
| B5.Accesibilidade en liña da colección (catálogos e recursos electrónicos) | | | | | | |
| B6. Organización da colección segundo criterios normalizados | | | | | | |
| B7.Sinalización da colección | | | | | | |
| B8.Integración das bibliotecas de aula na biblioteca do centro | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B9.Integración das bibliotecas de departamentos na biblioteca do centro | | | | | | |
| B10.Amplitude de horario de apertura da biblioteca | | | | | | |
| B11.Distribución do horario de biblioteca para uso por parte das clases | | | | | | |
| B12.Apertura da biblioteca fóra do horario de clase. | | | | | | |
| B13.Adecuación dos recursos á acción compensatoria do centro | | | | | | |
| | | | | | | |
| C.VISIBILIDADE | | | | | | |
| C1.Variedade de estratexias para a difusión,comunicación e sinalización | | | | | | |
| C2. Diversidade de destinatarios das estratexias (estudanters, docentes e familias) | | | | | | |
| C3.Actualización das informacións | | | | | | |
| | | | | | | |
| D1.ANÁLISE DE ACTIVIDADES E OFERTA DE SERVIZOS | | | | | | |
| D11.Formalización do procedemento para detectar as necesidades dos usuarios/as | | | | | | |
| D12.Idoneidade dos servizos para cubrir as necesidades do profesorado | | | | | | |
| D13. Idoneidade dos servizos para cubrir as necesidades do alumnado | | | | | | |
| D14. Alcance das actividades organizadas pola biblioteca | | | | | | |
| D15.Coordinacióрn da biblioteca cos servizos de Orientación e profesorado de apoio | | | | | | |
| D16.Implicación da biblioteca nas accións de educación compensatoria do centro. | | | | | | |
| | | | | | | |
| D2.ADECUACIÓN DOS RECURSOS DOCUMENTAIS | | | | | | |
| D21.Suficiencia dos recursos documentais | | | | | | |
| D22.Variedade dos soportes | | | | | | |
| D23.Equilibrio entre ficción e non ficción | | | | | | |
| D24.Equilibrio entre materias | | | | | | |
| D25.Equilibrio entre distintos niveis educativos | | | | | | |


Enquisa sobre o funcionamento da biblioteca
Equipo de biblioteca
5
4,5
4
3,5
3
2,5
2
1,5
1
0,5
0
As nosas actividades chegaron a toda a Comunidade Educativa?
As actividades programadas foron as axeitadas?
Coas actividades realizadas, traballamos a multidisciplinariedade?
Os cambios da biblioteca melloraron o seu uso?
A comunicación co profesorado foi acertada?
Facilitamos a participación dos compañeiros do Claustro?
É suficiente o horario que temos asignado á biblioteca para desenvolver o traballo?
As reunións de traballo foron efectivas?
O desenvolvemento das actividades foi a idónea?
O teu traballo coa biblioteca nótalo valorado na Comunidade Educativa?

# VISIBILIDADE NA REDE

- BLOGUE




- FACEBOOK/ TWITTER




- PINTEREST



Que non nos falte o entusiasmo e os azos para mellorar o ensino público

MOITAS GRAZAS!

pazpereiro@edu.xunta.es